

ODISEA

Autores:

Marcelino de Santiago Viqueira(Kukas)

Isabel Rey Pousada

1998

INVOCACIÓN

Óense as ondas do mar ó lonxe.

Coma ecos, unhas voces en off, recitan alternándose...

Voz 1.- Fálame, Musa...

Voz 2.- Fálame, Musa, daquel home...

Voz 3.- ...daquel home, o das mil
estrataxemas...

Voz 1.- Fálame, Musa, daquel home, o das mil
estrataxemas, e que tantísimo tempo andou errante,
despois de saquea-la sagrada cidade de Troia...

Voz 3.- Fálame , Musa...

Voz 1.- Fálame...

Voz 2.- Fálame do que tantos pobos viu
e, de moitos homes, os costumes coñeceu

Voz 3.- Fálame, Musa daquel que tantos agoiros pasou
sobre os mares tratando de salva-la súa vida e chegar a terra
de volta cos seus compañeiros

Voz 1.- Máis aínda así, con todo o seu gran desexo, non
conseguiu preserva-la súa xente da ruína.

Voz 2.- Oh, Deusa, filla de Zeus, cóntanos a nós tamén algunha desas aventuras,

Voz 1.- Oh, musa, fálanos daquel home, o das mil estrataxemas, que tantísimo tempo andou errante, despois de saquea-la sagrada cidade de Troia...

Voz 1, 2.- Despois de saquea-la sagrada cidade de Troia...

Voz 2.- Troia

Voz 1.- Troia

Voz 3.- Troia...

Voz 2.- Troia

Voz 1.- Troia

Voz 3.- Troia...

ASEMBLEA DE DEUSES: Enfado inicial

(Zeus, Atena; Posidón)

A luz vai debuxando o cumio do Olimpo...A brétema cobre o sobrado onde os deuses se debuxan coma pantasma...

Atena.- Oh, meu pai, divino Zeus, ¿date conta de que os gregos despois de ternos nove anos seguidos e o décimo saquea-la cidade de Troia, embarcaron sen nos ter ofrecido sacrificios en agradecemento a nosa axuda?

Zeus.- Así nolo pagan, despois de destruír a cidade de Troia, a cidade feita cinzas, restroballos... saqueadas as súas prazas e templos...os gregos, embriagados, sobre os cascallos, mofáronse de nos, os seus proxenitores...

Posidón.- Si axiña a súa patria querían chegar, antes de embarcar cara a súas casas, debían de ter ofrecido uns bos sacrificios a Zeus e os outros deuses, agradecendo a vitoria...

Atena.- ¿Acaso non sómo-los deuses os donos do destino dos homes?, e eles mófanse con boubas e sarrapios...

Zeus.- A miña cólera caerá sobre estes desagradecidos e neste mesmo instante decido que terán un funesto regreso á súa patria...

Atena.- Levantaremos contra eles un vento malo e vagas enormes...

Zeus.- ...Que farán que o seu regreso polo mar embravecido non sexa doado...

Desatase unha enorme tempestade e vaise iluminando a pantalla e vense as naves de Ulises.

1ª VIAXE POR MAR: ← 12 naves , Tempestade

Rebumbio, berros, as naves van dun sitio para outro sen orde algún, a treboada é maior.

- Elpenor.-** ¡Coidado!, amañar ben o cabrestante
- Euríloco.-** Remade, se non queredes morrer
- Perímedes.-** Posidón está cabreado
- Polites.-** Perdémo-lo remo e a nave vai sen xeito
- Elpenor.-** Ulises, fai algo para nos salvar
- Euríloco.-** Pregádelle á Atenea
- Perímedes.-** ¡Coidado unha onda xigante...ahhhh!

Treboada...calma

O lonxe divisase unha cidade...a mareada amaina...

As naves achéganse ó porto.

- Euríloco.-** Ulises, mira un pobo aló na costa
- Ulises.-** De seguro que é o pais dos cicones, eses malditos que loitaron contra nós en Troia e se foron cando pensaron que estabamos vencidos...parvos...
- Polites.-** Ulises, vaíamos a onda eles e démoslle o seu merecido.
- Elpenor.-** Arrasémo-la cidade
- Ulises.-** Un pouco de exercicio viranos ben para nos espelir e repoñer forzas despois da malfadada treboada. Preparade as armas, compañeiros....Imos aló...

Desembarcan

1ª AVENTURA: No país dos Cicones

Aparecen dous guerreiros loitando.

Entra Marón abafado, tenta esconderse...

Logo chegan Ulises, Elpenor e máis Euríloco, van armados.

Ulises.- ¿Quen nos diría que os cicones fosen tan farturentos!

Euríloco.- Seguro que aínda hai máis tesouros agachados...
 ¿Ulises, coidado!, algo se move aló atrás...

Marón trata de escapar, sae Elpenor, o ve, berra e préndeo.

Ulises.- ¿Quen es ti, que de nos te acochas, condenado?

Marón.- Son Marón, sacerdote de Apolo...Oh, Ulises, vencedor en Troia, pido clemencia para min e a miña familia ¿Por que se ten que verter máis sangue?, xa saqueaches a cidade, nin unha faragulla de ouro queda que non rapinarades...

Elpenor.- Dególao, Ulises, non teñas piedade...

Ulises.- Cala, Elpenor...quizais poidamos pedir rescate

Marón.- E, ¿con que pagarán os cicones...se ti reducíche-la cidade a cascallos?

Ulises.- Polo que a min concirne, podes irte, de pouco me vales...¿vos que opinas, Euríloco?

Euríloco.- Sabes que sempre te servín sen chistar...

Ulises.- ¿E, ti, Elpenor?

Elpenor.- Ti mandas, Ulises.

Marón.- Ulises, permítame un presente pola túa xenerosidade, toma este viño tinto, doce coma o mel...

Ulises.- Vaite axiña, Marón, antes de que cheguen outros dos meus homes...

Óese un forte rebumbio...O sacerdote Marón vaise...

Euríloco.- Os cicones reorganizáronse de novo

Ulises.- Collede o viño e fuxamos, aquí non temos mais que facer...

Collen o viño e foxen

2ª VIAXE POR MAR: ← 12 naves, Vento Bóreas, furacán

Ulises.- Zeus, volveu levantar o vento contra nós

1ª Voz.- Si, e peta forte

2ª Voz.- É o Bóreas, o vento do Norte

1ª Voz.- Ulises, divisase terra ó lonxe

Ulises.- Parece Citera, acheguémonos

2ª Voz.- Ulises, o vento revirou, lévanos mar a dentro de
novo

Furacán...ós poucos vaise calmando

1ª Voz.- Ulises, terra á vista

Ulises.- O vento amaina...remade cara a praia, a auga e os
víveres escasean...remade, larcháns, remade

As naves achéganse á praia.

2ª AVENTURA: No país dos Lotófagos

Desembarcan nunha terra chea de flores Polites e Elpenor

- Polites.-** Por estes eidos non atopei xantar algún...
Só medran flores e máis flores, ai, xardín fermoso,
o seu arrecendo marea...
- Elpenor.-** Teño tanta fame que comería un feixe delas.
- Polites.-** Por min non te cortes
- Elpenor.-** A fame é negra, cántanme as tripas que asemella un
exército de ras.
- Lotófago.-** Comede, estranxeiros
- Polites.-** ¿Quen falou?
- Lotófago.-** Un lotófago
- Polites.-** Da a cara si es home
- Lotófago.-** Comede,
comede estranxeiros
comede loto
comede a máxica flor do Loto
Fartádevos estranxeiros

Vaise o lotófago.

Elpenor colle unha flor de loto e cómea.

Elpenor.- Ei, Polites,...son saborosas as flores

Polites.- Déixame probar...pois si que saben ben

Elpenor.- E fartan

Polites.- Sinto como si o meu corpo fose un suspiro de ar
dondo.

Elpenor.- Asemello unha folerpa, flutuando no paraíso dos
soños...

Levitan no ar, asemellan durmidos...Niso entra Ulises

Ulises.- Elpenor, Polites, ¿que mal vos ameigou?

Polites.- ¿Quen es ti estranxeiro?

Ulises.- Son Ulises, ¿non me coñeces?

Elpenor.- proba as flores de loto e déixate asolagar en
fermosos soños de amor...

Ulises.- Ítaca nos espera, veña espelídevos

Polites.- ¿Quen es ti para nos rifar?

Elpenor.- Déixame durmir, non me roubes os soños
estranxeiro, déixame acougar no colo da deusa dos ollos
brillantes.

Ulises ten que levalos á viva forza, eles van chorando

Ulises.- Veña, ide diante miña cara a cóncava nave

Elpenor.- Non, non, déixanos ficar aquí, buah!

Ulises.- Andando e que non se diga máis...

Polites.- Por favor, déixanos, buah, buah

3ª VIAXE POR MAR: ←

Ó primeiro unha suave brisa e logo un vento máis forte arrastran as naves ata Sicilia

3ª AVENTURA: No país dos ciclopes

Perímedes, Ulises e Euríloco entran na cova de Polifemo

Ulises.- Non esquezades que vimos en son de paz.

Euríloco.- Ulises isto está cheo de enormes queixos, hai leite de abondo...collámolos e marchemos de aquí, con isto temos para xantar unha boa tempada.

Ulises.- Agardemos un cacho a que chegue o dono de todos estes manxares e así poder ofrecerlle os nosos respectos.

Euríloco.- Eu non espero máis, vou xantar un cacho de queixo, a fame é negra...senta, Ulises e come comigo, está bo.

Ulises.- Euríloco, agarda un pouco, non sexa que desgustemos ó dono da cova...

Euríloco.- Ti cres que se dará de conta por lle papar unhas frangullas destes enormes queixos?, veña xa, Ulises...

Ulises.- Óense ruídos, veña Euríloco, fica quieto...Perímedes...¿Onde se meteu Perúmedes?

Perímedes (off).- Agora vou que xa acabo.... (*está cagando*)

Entran as ovellas

Niso aparece Polifemo conducindo a súa grea e levando un feixe de leña seca que lanzou con grande estrondo, logo colleu un enorme penedo e pechou a porta de entrada á cova... Cando vai a acender o lume os ve e dilles.

Polifemo.- ¡Oh estranxeiros!¿Quen sodes vós? ¿De onde viñestes polos húmidos camiños? ¿Facedes algún comercio ou vagades polo mar á ventura, coma os piratas, que, errantes, as súas vidas arriscan e a desgracia levan ós homes de terras estrañas?

Ulises.- Nós somos Aqueos e volvemos de Troia. Mais vímonos extraviados por toda clase de ventos, que nos levan, perdidos, polo gran abismo do mar. Queremos volver ás nosas casas, mais viñemos parar aquí por outra ruta, por outros camiños Sen dúbida Zeus así o quixo ordenar... Ata aquí pois, chegamos; e viñemos abraza-los teus xeonllos, esperando que ti nos deas unha boa acollida...

Polifemo.- Ti es un inxenuo, estranxeiro, ou entón de moi lonxe viñeches. Eu non che perdoaría a vida, nin a ti nin ós teus compañeiros...

Polifemo dun salto colle a un deles (Perímedes a cachos) e cómeo, logo deitase a durmir.

Euríloco.- Fuxamos, Ulises, agora que durme o ciclope

Ulises.- A saída da cova, está atrancada con esa enorme lousa de pedra, aínda con cincuenta coma nós non a poderíamos mover...

Temos que pensar nunha solución...

¡Ah, xa sei!, escoita, bis, bis...axúdame

Cavilan e a Ulises idea facer unha estaca moi afiada que esconde. Cando Polifemo esperta e vai coller a Euríloco, Ulises ofrécelle do viño que lle deu Marón.

Ulises.- Toma. ciclope, agora bébelle enriba este viño, que me regalou o sacerdote Marón; despois de comeres esa carne humana, e verás ti que bebida gardabamos na nosa nave.

Polifemo bota man do viño e bébeo, logo pídelles máis.

Polifemo.- Dáme de boa gana máis viño, mais dime de seguido o teu nome, pois coma hóspede meu, quero ofrecerche un presente, co que te aledes.

Polifemo bebe e bebe, cando xa está bastante peneco, Ulises dille

Ulises.- ¡Ciclope! ¿Ti pregúntasme cal é o meu nome famoso? Pois voucho dicir. O meu nome é *Ninguén*, e *Ninguén* me chaman a miña nai e o meu pai e tódolos meus compañeiros. Mais agora dáme o presente que me prometestes

Polifemo.- A *Ninguén*, comereino o derradeiro, despois dos seus compañeiros; a todos eles, comereinos primeiro. Ese será o presente, coma hóspede meu.

Polifemo cantarúxea algo, segue bebendo deica caer borracho, durmido...Ulises aproveita para coller a estaca e deixalo cego cravándolle a estaca no ollo.

Polifemo esperta coa dor e berra

Polifemo.- ¡Ai, aiiiiii, irmáns, axuda! ¡axuda, axuda, irmáns!
¡Valeime, ciclopes!...¡Irmáns, socorro!

Escóitanse as voces dos outros ciclopes.

Ciclope 1.- Polifemo, ¿por que, tan aflixido, gritas desa maneira na noite divina e a todos nos espertas?

Ciclope 2.- ¿E que veu algún mortal e contra a túa vontade che leva os teus rabaño?

Ciclope 3.- ¿Ou é que te matan con engano ou con forza?

Polifemo.- ¡Oh irmáns ciclopes! *Ninguén* me mata con engano e non con forza.

Os Ciclopes.- Pois se ninguén te forza, xa que estás só, é sen dúbida a túa, unha doenza que che manda o gran Zeus, e non se pode evitar; mais ti rógalle agora ó noso pai, o deus Posidón.

O Ciclope andou as apalpadas, quitou o penedo da porta e sentouse na entrada da cova para tratar de atrapar a quen procurase saír coas ovellas.

Ulises e Euríloco escóndense debaixo das ovellas e cando Polifemo abre a porta da cova escapan.

Polifemo.- Meu doce carneiro, ¿por que así da caverna me saes o último da grea? sempre es o primeiro, con moito, en ir pasta-las tenras flores dos prados, e o primeiro en chegar ás correntes dos ríos , e o primeiro en querer tornar para a corte á tardiña; mais hoxe, polo contrario, es o último de todos. ¿Ou é que ti botaches de menos o ollo do teu dono, o ollo que, cego de todo, me deixou un home malvado despois de domea-lo meu espírito co viño, ese *Ninguén*, que, asegúrocho, aínda non se librou dunha morte terrible? ¡Se puideses falar, para me dicires onde se esconde! Así, ó momento, o seu cranio contra o chan fendería, e os seus miolos polo meu antro espallaría. E reporíase o meu corazón dos sufrimentos que me veu traer ese desprezable *Ninguén*.

Ulises (sombras) cando xa está lonxe de Polifemo, bérralle

Ulises.- ¡Ciclope! Se algún dos homes mortais che pregunta un día pola causa da túa vergoñosa cegueira, ti dille que quen te deixou cego foi Ulises, o que a Troia saqueou, o fillo de Laertes, o que en Ítaca ten a súa morada.

Ulises ri a cachón

Polifemo.- ¡Oh, deuses! Así se cumpren os antigos
prognóstico daquel adiviño mortal...El anunciárame que
todo isto un día ocorrería: que sería privado da vista polas
mans de Ulises...

 ¡Óeme, Posidón, se eu son realmente o teu fillo e ti
te glorias de se-lo meu pai, concédeme que Ulises nunca
máis volva ó seu pazo. E, se o seu destino é que o fin volva
cos seus, que entón o faga ó cabo dun longo tempo e despois
de moito sufrir, coa perda de tódolos seus compañeiros, e
que con novos infortunios se encontre no seu fogar.

*O ciclope colle un penedo e lánzao ó mar, cae cerca da nave de
Ulises, axitándose o mar.*

4º VIAXE POR MAR: 1º ← 2º →

O axitándose colle un penedo e lánzao ó mar, cae cerca da nave de Ulises, axitándose o mar; as ondas empurran a nave cara adiante e chegan ó norte de Sicilia, a illa Eolia onde vive Eolo.

4ª AVENTURA: *No reino de Eolo*

Ulises, Euríloco chegan a un reino estraño...Alí mora Eolo que flutúa no ar.

Eolo.- Benvido, Ulises de Ítaca, come e bebe, divértete, goza da miña hospitalidade.

Euríloco.- Desconfía, Ulises, tanta xenerosidade estarrica todo o corpo.

Ulises.- ¿Quen sodes e quen meu nome vos dixo?

Eolo.- Son o señor dos ventos, Eolo, e foi o vento mareiro quen me trouxo novas das túas andrómenas, de como venciches en Troia...e saqueastes o país dos cicones, e como deixaches cego ó ciclope Polifemo, fillo de Posidón

Ulises.- Tempo hai que vagamos a eito polas augas revoltas, o cansazo e a fame están a rematar con nós, os máis de nove anos que loitamos en Troia non esnaquizaron tan de cheo ós meus exércitos.

Eolo.- Acouga no meu pazo o tempo que queiras, meu amigo.

Xantan a fartar...Ulises cavila

Eolo.- ¿Cal é a túa teima, Ulises?

Ulises.- Penso na miña muller Penélope, no meu fillo Telémaco, que hai tantos anos que non o vexo, cando deixei Ítaca de certo que apenas medía un par de palmos... pregúntome si lembrara ó seu descoñecido pai?

Eolo.- Toma, Ulises, neste odre están encerrados tódolos ventos excepto o Céfiro, a suave brisa do oeste que vos ha de levar a xeito ata Ítaca...

Ulises.- Gracias, meu amigo

Eolo.- E lembra non abrir o odre deica chegar a Ítaca ...non o esquezas, baixo ningún concepto, debes abrir o odre dos ventos...

Vai con ben, meu estimado amigo.

Vanse

A brisa vai levando, suavemente, cara Ítaca a nave de Ulises.

Ulises durme...

Voz 1.- Coidade, Ulises durme

Voz 2.- ¡Agora!, aproveitemos

Voz 3.- De Troia, leva con el, do botín, moitos tesouros, e nós, que fixémo-la mesma viaxe, para a casa volvemos coas mans baleiras. E agora Eolo obsequiouno coma a un amigo e deulle estas prendas.

Voz 1.- Ítaca á vista, espertade a Ulises.

Voz 2.- ¡Veña!, vexamos de présa o que dentro hai, canto ouro e prata o odre contén...

Voz 3.- Ítaca á vista...

Abren o odre e saen ventos e tempestades que levan a nave lonxe de Ítaca.

5ª AVENTURA: No país dos lestrigones

Ulises manda a 2 homes á terra, estes achéganse a un pazo, alí atopan a esposa de Antífates que é tan alta coma o cume dun monte.

Dona.-(*cheirando*) ¡Oh, que arrecendo trae o ar!...ule a fame...carne...
carne fresca...con feitura de mar, ¡oh, fáiseme a boca auga!
...por fin vou comer meu xantar favorito.

Perímedes.- Olla, Euríloco, esa muller...parece unha montaña

Euríloco.- Vai con cautela, Perúmedes, non vaia ser que se
anoxe e nos machuque coma se fósemos cascudas.

Perímedes.- De seguro que oíu falar de Ulises, e pola conta que
lle trae hanos tratar coma reis...

Euríloco.- Non sei que pensar, Perúmedes, mais vale que
teñas razón, por que si non...

Perímedes.- Veña, Euríloco, fálalle

Euríloco.- ¿Por que non lle falas ti si es tan valente...?

Perímedes.- Ti es o xefe do comando, por iso debes falar ti.

Euríloco.- ¡Oh, venerable señora! Somos homes de Ulises, e
desexariamos...quereríamos...

Dona.- ¡Antífates!, ¡Antífates! Estraños invaden o noso
reino. Antífates, ven axiña...Antífates

Euríloco.- Non tema, miña señora, non queremos facerlle mal

Dona.- Antífates, uns homiños frescos pretenden
atacarme...Axiña, ven, antes de que fuxan

Entra Antífates

Antífates.- ¿Que pasa, muller?

Dona.- Meu home, dous homiños pequechos coma
formigas atrevéronse a entrar no reino dos lestrigones.

Perímedes.- Meu in...in...inconmensurable señor, vimos de
parte de Ulises a....

*Antífates sen deixarlle rematar agárrao e fai o ademán de comelo
outro fuxe*

Antífates.- Voute xantar, mingurrias

Dona.- O gordiño ten pinta de ser saboroso, axúdame a
pillalo, Antífates, espile que fuxe

Tropezan, fuxe Euríloco

Dona.- Fuxiron pola túa culpa, paspán

*Dona chora, Antífates e ela marchan consolándose.
O outro fuxe e xa en **sombras** dille a Ulises.*

Euríloco.- Fuxamos, Ulises, este é o reino dos lestrigones, homes xigantescos, grandes coma montes...crueis, quérenos coller para xantarnos...fuxamos denantes que lles sirvamos de almorzo.

*Os lestrigones en **sombras** collen ós homes e os ensartan como peixes para comelos.*

6º VIAXE POR MAR: ←

Os lestrigones collen ós homes e os ensartan como peixes para comelos.

Ulises.- Compañeiros, ¡Remade, remade!, temos que fuxir de aquí.

Queda só a nave de Ulises, as demais afúndense.

Remando, remando chegan á illa de Eea, onde vive Circe.

Falan Ulises, Polites e Euríloco

Ulises.- É grande esta illa, non perdades ollo, estade ó asexo.

Euríloco.- Sinto un ar que me estarrica o corpo, mirade a pel pónseme de galiña.

Polites.- Cala, Euríloco, parecec un caguiñas

Ulises.- Compre mirar si hai víveres, algún animal, algún froito...Veña, Polites e máis Euríloco ide en busca pola veiga, mentres Elpenor e máis eu iremos cara aquel outeiro...Ó caer a noite nos atoparemos na praia...
Sorte amigos

Euríloco.- Sorte, Ulises.

Vanse todos, Circe canta...Polites e Euríloco están a entrar na mansión de Circe...

Polites.- Meu amigo, dentro hai alguén que, ó tempo que tece unha gran tea, canta un belo canto, que todo o sobrado fai resoar. ¿Será unha deusa ou unha muller?
Chamémola de seguida.
¡Miña dona!, ¿da o seu permiso?

Circe.- Pasade, estranxeiros e bebede a sangue sagrada da terra, que eu, Circe, vos ofrezco.

Dálles viño a beber.

Polites entra e bebe, Euríloco queda ó asexo na porta.

Polites cae coma desmaiado, Circe o toca...e Polites convértese en porco...Euríloco fuxe.

Entra Ulises falando para si

Ulises.- Aquí, nesta illa, non sabemos nin para onde cae o ocaso, nin para onde cae a aurora, nin por onde o sol, que ilumina ós mortais, se mete debaixo da terra e por onde volve a saír...Teño que meditar de présa que resolución podo tomar...

Entra Euríloco correndo e abafado

Euríloco.- ¡Ulises, Ulises, ah, ah!... Fomos, como mandaches polo aciñeiral, e no fondo dun val encontramos unha casa construída de pedras puídas; dentro, alguén, deusa ou muller cantaba con voz harmoniosa. Polites chamouna e ela invitouno a entrar. El, na súa loucura, seguiuna; eu me quedei fora na sospeita de que fose un engano. Desaparece_ ron, e por máis que estiven a espreita, ninguén volveu.

Ulises.- Euríloco, deixémonos de palique, e lévame a casa desa muller, ¿como dis que se chama?

Euríloco.- Chamase Circe, Ulises; pero non me leves contra a miña vontade, déixame aquí, se moi ben que ti tampouco volverás. Fuxamos canto antes, que aínda tal vez nos poidamos librar dun día fatal.

Ulises.- Euríloco, fica entón aquí, mais eu irei, pois sobre min hai un imperioso deber.

Ulises marcha cara a casa de Circe.

Niso olla un porco, vai tras el para collelo, pero o porco fuxe.

A continuación sae o seu encontro o deus Hermes.

Hermes.- ¿A onde vas, infeliz, así só, sen coñece-lo lugar?

Ulises.- Vou á casa de Circe

Hermes.- Na casa de Circe os teus compañeiros foron transformados en porcos... ¿E que tal vez vas alá, para os liberar? Se así fose, desde agora che digo que nin ti mesmo vas regresar... Mais eu aquí estou, para te preservar destes males e para te salvar. Coa herba da vida, ti poderás entrar na casa de Circe... E agora vouche explicar tódalas maléficas artes de Circe. Ela botará drogas na túa copa, mais nin así te poderá enfeitizar, pois o impedira esta herba da vida que che vou dar...

Vanse Hermes e Ulises.

Circe canta, aparece Ulises na porta da casa

Ulises.- ¿esta é a morada da fermosa Circe?

Circe.- Pasa, pasa e bebe, estranxeiro, fártate de xantar tódalas larpeiradas que queiras.

Ulises.- Saúde, miña dona, pola súa feitura

Ulises bebe

Circe.- E Agora vai para o cocho dos porcos e déitate na terra cos teus compañeiros.

Ulises.- Iso é o que ti quixeras, meiga...

Ulises rise a cachón.

Circe.- ¿Quen es ti? Milagre grande é este: que teñas tomado as drogas e non esteas enfeitizado. Nunca ningún outro home tal beberaxe logrou resistir...Ti es pois, aquel Ulises do que Hermes sempre me anunciou a chegada. Mais, ¡veña xa!, vaíamos os dous ó meu leito, para que, unidos no leito e no amor, de aquí en diante o un no outro poidamos confiar...

Ulises.- ¡Oh Circe! ¿Como podes pedirme que sexa doce contigo, despois de transformares en porcos ós meus compañeiros, e agora reténdome aquí, maquinas un pérfido engano, mandándome entrar no teu cuarto e subir ó teu leito, co fin de aproveitares, ó estar eu despojado das armas, para me privar da miña forza e da miña virilidade? Por min, nunca eu consentirei en subir para o teu leito, de non ser que me xures solemnemente, oh deusa, que ti contra min non matinas ningún outro mal.

Circe.- Prometido, e agora, xanta Ulises, pois parecees esfameado.

Ulises non come

Circe.- Non comes nin bebes, ficas mudo, ¿seica imaxinas que haxa algún outro engano?...debes deixar todo temor, pois xa che prestei xuramento solemne...

Ulises.- ¡Oh, Circe! ¿Que home, que fose recto, ousaría pórse a comer e beber, antes de ser liberados ós seus compañeiros...? Primeiro, solta ós meus compañeiros...

Circe céibaos.

Ulises no leito xoga con Circe.

Ulises.- Oh Circe, cumpre a promesa que me fixeches, de me mandares á miña casa.

Circe.- Enxeñoso Ulises, si así o desexas, vaite con ben, mais primeiro é preciso que realices outra viaxe...

Tes que ir ó Hades, a morada dos mortos, para pedirlle consello á alma de Tiresias, o adiviño cego, pois só el conservou, despois de morto, o sentido e a razón...

Ulises.- Oh, Circe, ¿e quen me guiará nesa viaxe?

Circe.- Non te apures, ti levanta o mastro, desprega as velas e fica no teu banco sentado, e cando teñas chegado ós confíns do Océano detén a túa nave, preto dos profundos remuíños e atoparás a Tiresias que te aconsellará sobre o regreso a túa casa.

Ulises.- Así o farei.

Circe.- Agora escóitame ben, despois de falar con Tiresias, atoparaste coas sereas que co seu canto seducen os homes... ti pasa sen te deteres, mais tapa as orellas dos teus compañeiros, para que ningún deles as poida oír.

Ulises.- Farei como dis

Circe.- Logo, atoparás dous camiños, eu non che podoo indicar cal deles terás que coller, ti pénsao e decide pola túa conta. Mais direiche que, dun lado érguense as Rochas errantes...e ó lado oposto está o Estreito de Escila, que é un monstro funesto, e de Caribdis que tres veces ó día sorbe a negra auga e tres veces vomítaa. Ti non vaias estar alí cando ela sorba...

Circe vaise. Ulises esperta ós seus compañeiros.

Ulises.- Compañeiros, ¡abonda xa de durmir!. Saíamos axiña de aquí.

7º VIAXE POR MAR: → *Brisa*

Viaxe tranquilo e breve.

7ª AVENTURA: No país dos mortos

Chegan a un país cheo de brétema, Ulises invoca ós mortos, fai o rito sen palabras.

En sombras as animas dos mortos pasan coma pantasma.

Aparece Tiresias.

Tiresias.- Ulises, ti busca-lo regreso, mais coido que non poderás pasar sen que te vexa Posidón, que garda contra ti un gran rancor, por deixares cego ó seu fillo Polifemo. Mais poderiades chegar á Ítaca, se na illa Trinacia deixades indemnes as vacas do Sol, mais, se algún dano lles causades, desde agora che anuncio como cousa segura, a perda da túa nave e dos teus compañeiros.

Lembra Ulises...

Lembra Ulises ... (*en eco*)

Lembra Ulises...

Pasan as sombras dos mortos que berran e chían

Ulises.- ¿Quen sodes vos? ¿Es ti, nai?...¿Elpenor?...
¿Agamenón!?...¿Hector, Hector?...¿Aqiles?...¿Patroclo?

Ulises fuxe

8ª VIAXE POR MAR: 1º ← (*Sereas*) / 2º → (*Escila e Caribdis*)/
3º ←

Ulises aparece atado o mastro do barco, os demais levan tapóns nas orellas. (←)

Ulises.- Euríloco, aperta ben os nós, que eu permaneza inmóbil atado ó mastro, e se vos suplico que me soltedes, vos deberedes atarme con máis nós.

Euríloco.- O mastro é rexo e as cordas son máis sobradas que o cabrestante, non as fenderá nin a forza de Posidón...

Ulises.- Tapade ben os oídos se non queredes morrer...

Escóitase o cantar das sereas...

Serea 1.- Ulises,

Serea 2.- Famoso Ulises,

Serea 3.- Veña, Ulises, ven aquí

Serea 2.- Detén a túa nave

Serea 1.- escoita a nosa voz, Ulises

Serea 3.- Ulises, detén a túa nave

Sereas.- Detén a túa nave,
 Ulises, escoita a nosa voz...
 a nosa voz...
 a nosa voz...
 a nosa voz...a nosa voz...

A nave de Ulises marcha, as sereas desaparecen, a nave cambia de rumbo e segue navegando. (→)

Mais de súpeto fume, lapas e un forte trebón.

Ulises.- Coidado, piloto, aparta a nosa nave dese fume e desas vagas, e procura ladear ben o outro escollo...¡coidado cos escollos! ¡coidado!.

Pasan polo estreito de Escila e Caribdis, Escila un mostro de seis cabezas, Caribdis que sorbe e vomita auga...

Chegan a illa Trinacia (←)

8ª AVENTURA: *Na illa Trinacia coas vacas do sol.*

Entran Ulises, Euríloco e Polites...

Ulises.- Euríloco, xurádeme que se atopamos algunha vaca, ningún de vos a matará ...Non toquedes, pois, esas vacas, poderían se-la nosa desgracia. Lembra de, estas vacas son do Sol, un deus terrible, que todo o ve.

Euríloco.- Faremos como ti dis, enxeñoso Ulises.

Ulises.- Vaíamos á busca de froitos e peixes para xantar...

Vanse todos.

Aparece unha vaca pacendo.

Entran Euríloco e Polites.

Polites.- Xa vai máis dun mes que chegamos á illa Trinacia e os víveres esgotáronse

Euríloco.- Meu amigo, para os miserables mortais, toda morte é odiosa; pero o máis lamentable é morrer de fame... ¡veña!, escollámo-las mellores das vacas do Sol e fagamos un churrasco...

Acurralan á vaca, desaparecen e aparecen coméndoas.

Polites.- Se chego a saber que estaban tan saborosas estas vacas, xa hai tempo que as tería papado.

Euríloco.- ¡Que pena non ter o viño do sacerdote Marón,
bebeuno todo o ciclope.

Polites.- Os deuses lle dan pan a quen non ten dentes...

Euríloco.- Velaí ven Ulises...Ofrezámoslle un cacho de
chacina...

Ulises esperta e aparece.

Ulises.- Ei, meus, ¿atopaches algo de xantar?, menos mal
pois eu non vin nin rastro de cousa algunha.

Polites.- Esta vaca ó espeto está que non ten desperdicio

Ulises.- ¿Que fixestes?, condenados!, ¡Fuxamos denantes
que os deuses saiban do voso sacrilexio!

Vanse a embarcar.

Aparece Helios que chama a Zeus.

Helios.- ¡Oh, Zeus!, deus de deuses, xuíz e rei dos inmortais
e dos mortais. ¡Zeus! Atende a miña denuncia: Eu, Helios,
reclamo vinganza. ¡Zeus pai!, castigade ós compañeiros de
Ulises que, na súa insolencia, mataron as miñas vacas...Se
eles non sofren un xusto castigo pola morte das miñas
vacas, eu entón afundireime na morada do Hades e alá
brillarei entre os mortos.

Zeus.-

Helios, ti continúa brillando entre os inmortais e entre os homes mortais, que están na terra; pois eu lanzarei de seguida sobre a súa nave o meu raio fulgurante e farei que, no medio do mar viño soa, se rompa en mil anacos.

9º VIAXE POR MAR: → *Treboada*

Zeus trona e lanza un lóstrego contra a nave, destruíndoa, a nave xira sobre si mesma e enchese de xofre, o tempo que caen todos os homes, queda só Ulises que chega a illa de Oxixia agarrado a un tronco.

9ª AVENTURA: *Na cova de Calipso*

Ulises esperta no leito de Calipso.

Ulises.- ¿Onde estou? ¿Quen es ti?

Calipso.- Hai uns días chegaches as praias da illa de Oxixia, medio morto, mais eu a ninfa Calipso, coideiche con todo o agarimo da terra.

Ulises.- Oh, ninfa Calipso, a máis bela entre as belas, salváchesme da morte segura aloumiñándome cos teus doces bicos, embriagándome de amor, acariñando as miñas feridas coas túas tenras mans, oh, ninfa Calipso...

Atena racha a escena.

ASEMBLEA DE DEUSES:

Aparecen Atena e Zeus.

Atena.- ; Zeus pai...! O corazón se me parte, co pensamento posto no infortunado Ulises, que leva tanto tempo padecendo calamidades, lonxe dos seus...A ninfa Calipso reteno cativo, na súa illa, con palabras tenras e aloumiñeiras...Mais Ulises está desexoso de ver a súa terra e xa suspira pola morte. ¿No che era grato Ulises, cando na planicie de Troia, che facía ofrendas?... ¿Por que agora tanto contra el te irritaches, oh Zeus?

Zeus.- Miña filla ¿Como eu podería esquecerme do Ulises que é o máis sinalado entre os mortais pola súa intelixencia e astucia?.Posidón, é quen ten contra el un constante rancor, por causa do Ciclope, ó que un día Ulises lle cegou o único ollo...Desde aquela, Posidón faino andar errante lonxe da súa patria. Mais, ¡veña xa! decretémo-lo seu regreso a Ítaca.

Posidón terá que depoñer a súa cólera, pois, el só non se poderá enfrontar con tódolos inmortais.

Atena.- Pai noso, se entón, che parece que o moi enxeñoso Ulises marche por fin de volta a súa casa, despachemos, sen máis, a Hermes ,o rápido mensaxeiro, á illa de Oxixia...Eu, no en tanto, ireime a Ítaca, para estar co seu fillo Telémaco.

Zeus.- Xa que Hermes e-lo mensaxeiro dos deuses,
que vaia a anunciar a Calipso a nosa decisión, queremos que
Ulises retorne a súa patria...

Hermes chega xunto a Calipso que está a tocar o arpa

Hermes.- Fermosa música, Calipso, mais sinto cortar tan
belo son.

Calipso.- ¿Quen me fala, quen irrompe na miña morada e os
meus pensamentos confunde?

Hermes.- Son Hermes, o mensaxeiro dos deuses

Calipso.- Hermes, ¿por que a miña casa viñeches?

Hermes.- Foi Zeus quen me enviou aquí. E ordénache que
deixes partir a Ulises canto antes, pois o seu destino é ver
outra vez ós seus seres queridos.

Calipso.- ¡Sodes crueis, oh deuses, e os máis ciumentos que
poida haber! Sentides envexa das deusas que o seu
leito comparten co home que por compañeiro
escolleron...mais non é posible incumprir unha decisión de
Zeus...Que marche, pois, Ulises, polo mar infecundo...

Hermes.- Despídeo canto antes se non queres probar a
cólera de Zeus.

Hermes vaise, Calipso achegase a Ulises que chora á beira do mar.

Calipso.- Infeliz, non chores máis. Agora estou pronta para deixarte marchar. ¡Veña! Corta troncos e constrúe unha xangada para que polo mar te poida levar...Mandareiche por detrás un vento favorable, para que consigas chegar sen mal á túa terra.

Ulises.- Outra cousa, de certo , ti maquinas, Calipso, cando me mandas atravesar nunha balsa o gran abismo do mar...Eu non quero embarcar, de non ser que me xures primeiro, oh deusa, que ti contra min non maquinas ningún mal.

Calipso.- Non maquino ningún mal contra ti...Ti ben sabes que non teño no meu peito un corazón de ferro, senón compasivo.

Ulises.- Non te anoxes comigo, mais tódolos días quero e desexo marchar para a miña casa...

Calipso.- Vaite Ulises, por mais que eu queira reterte non podo, pois ninguén pode mudar as ordes de Zeus, a súa cólera é a máis terrible das dos inmortais...Vaite, Ulises, eu non son quen de te reteres.

Ulises marcha

Deica sempre, meu ben amado Ulises.
Xamais te esquecerei.

10º VIAXE POR MAR: ← *Tempestade*

Mentres Ulises navega tranquilamente aparece Posidón que avista a Ulises dende o monte Solimo.

Posidón.- ¡Vaia! Sen dúbida os deuses mudaron de parecer no tócate a Ulises, mentres eu me atopa entre ós Etíopes. Xa está preto da terra dos Feacios.

 Mais, aseguro que, sobre el, aínda máis males hei de botar.

*Así falou **POSIDÓN**, e, botando man ó tridente, axuntou as nubes e revolveu o mar. Alzou contra Ulises unha vaga enorme que dispersou os troncos da balsa e lanzou a Ulises contra á costa dos Feacios.*

Nausícaa.- Estranxeiro, estás no país dos feacios, descendentes do deus Posidón, xente cordial e pacífica...coñecedores das artes da navegación...non hai mar que non podan navegar

Ulises.- Lévame xunto teu pai, non demoremos máis, bela Nausícaa...

Nausícaa.- Voute levar xunto del...ségueme a certa distancia e cando xa esteas no pazo vai primeiro onde a miña nai, Arete, pois se o seu corazón se inclina ó teu favor seguro que o meu pai te axudará...

Vaise Nausícaa

Ulises implora

Ulises.- ¡Escóitame, Atena, filla de Zeus! Concédeme que sexa ben acollido na terra dos Feacios e que de min se compadezan.

Nausícaa chega ó pazo e fala con Arete

Nausícaa.- Bos días, nai xenerosa e xusta

Arete.- Pasa, filla...ben cedo tornas a nosa morada...

Nausícaa.- Na praia atopei un home rexo e forte...que foi arrastrado polas ondas embravecidas ata o noso reino, el quere chegar o seu país, polo que pide audiencia e precisa a nosa axuda...

Arete.- Vaite en boa hora, Nausícaa...Eu darei audiencia ó teu protexido...

Vaise Nausícaa.

Que pase o estranxeiro

Entra Ulises no pazo de Alcinoos, ó chegar axéonllase diante de Arete.

Ulises.- Coa vosa licencia, oh, ¡Arete!, muller do magnánimo rei Alcinoos! veño o encontro do teu esposo... preciso homes que me conduzan, o antes posible, á miña patria.

Arete.- Hóspede, ¿Ti quen es? ¿Cal é a túa terra?

Ulises.- É difícil contar polo miúdo os meus infortunios, mais contestareivos ó que me preguntedes e queirades saber...

Alcinoos.- Dime o teu nome... e dime cal é a túa terra, para que as nosas naves alá te conduzan...

Ulises.- ¡Poderoso Alcinoos!... Son Ulises, fillo de Laertes, ben coñecido de tódolos homes polos meus ardís. Vivo en Ítaca, que de lonxe se ve. Dende hai anos procuro o regreso a miña casa, pero o triste destino que Zeus e os outros deuses me impuxeron non me permitiu aínda a ela chegar.

Alcinoos.- ¡Oh, Ulises! non creo que teñas que vagar por máis tempo, para tornares á túa patria... Eu decido que a túa volta sexa esta noite; e en tanto ti, descansas, os meus homes remarán ata que chegues a túa casa...

Ulises.- Sé para sempre feliz, Alcinoos, ti e maila túa dona Arete, e a agarimosa Nausícaa...Quédovos moito obrigado a todos vos...deica sempre, xeneroso Alcinoos...Arete...

11ª VIAXE POR MAR: → *Viaxe en calma pola noite*

*Fan unha viaxe tranquila durante a noite estrelada, Ulises durme.
Mentres Posidón fala con Zeus.*

Posidón.- Zeus, nunca máis eu serei honrado entre os deuses inmortais, cando en nada me honran nin sequera os mortais, os Feacios, que son da miña propia descendencia... levan a Ulises, durmido, nunha rápida nave e así o deixarán en Ítaca...

Zeus.- Ah, Posidón; Que palabra dixeches! Non te desprezan os deuses en cousa algunha... E, se algún dos mortais non te honra, sempre tes na túa man a vinganza. Fai, pois, como ti queiras, e como lle agrade ó teu corazón.

Posidón.- Ó momento eu tería feito como ti dis, oh Zeus, mais temo sempre a túa cólera, e procuro evitala.

Posidón e Zeus marchan.

11ª AVENTURA: Ítaca

Ulises esperta e se lamenta

Ulises.- ¡Ai de min! ¿En que país de mortais me atopo eu agora?

Aparece Atena

Ulises.- Que terra é esta, que pobo é este?

Atena.- Oh forasteiro, ti ou es simple ou vés de moi lonxe, se realmente preguntas que terra é esta. É Ítaca...Mais ti nin sequera recoñeces a túa terra e en min a Palas Atena, filla de Zeus, que, sempre estou ó teu lado e te protexo...

Ulises.- Oh deusa, a un mortal, que contigo se atopa, élle difícil recoñecerte. Eu ben sei que ti me fuches propicia en todo momento, cando loitaba en Troia; mais, despois eu nunca máis te vin, nin notei que subises a bordo da miña nave. E agora cho suplico, dime se de verdade cheguei á miña terra, Ítaca...

Atena.- ¡Veña!, vouche amosa-la paisaxe de Ítaca, para que te convenzas...E agora , é preciso que a ninguén digas que chegaches de volta...Pensem en como pó-las mans sobre eses arrogantes que pretenden a túa muller. Ela, sempre está chorando, esperando o teu regreso.

Ulises.- Mais, ¡veña!, traza un plano, para que eu me poida vingar deles...

Atena.- Vestireite cuns farrapos, que horroricen a quen te vexa... Vai ver a Eumeu, o porqueiro... quédate alí con el, mentres eu vou a Esparta a chamar a Telémaco, o teu fillo, ¡oh Ulises!, que marchou á casa de Menelau, para saber se aínda estabas vivo nalgunha parte...

Atena volveu unha capa de farrapos a Ulises e marcha.

Ulises vai xunto Eumeo, os cans ladran.

Eumeo.- ¡Oh forasteiro! Ben pouco faltou para que os cans te destrozasen... Mais, sígueme, e, despois de saciado de pan e de viño, xa entón me dirás como te chamas e de onde es.

Ulises.- Que Zeus che conceda todo o que ti máis desexes, pois tan de boa vontade me acolliches...

Eumeu.- O que eu máis desexo é o regreso do meu señor, Ulises, que para Troia marchou e aínda non volveu... Mais agárdaa que veña, Telémaco, o seu amado fillo, el darache manto e túnica para te poderes vestir...

Escóitanse pasos. Chega Telémaco

Ulises.- Eumeo, alguén ven, pois eu oín ruído de pasos

Eumeu.- Telémaco, ¡volviches!

Telémaco.- ¿A miña nai, aínda está no pazo? ¿Ou é que xa algún outro home con ela casou?

Eumeu.- Non, ela aínda está no teu pazo, co seu fiel corazón aflixido, chorando polo teu regreso e o de Ulises.

Ó achegarse Telémaco, Ulises érguese.

Telémaco.- Déixate estar, estranxeiro...Eumeu, ¿de onde chegou o hóspede aquí presente?

Eumeu.- Di que andou errante por moitas cidades porque un deus así lle teceu o seu destino...

Telémaco.- Eumeu, ti vaite e dille a Penélope que estou a salvo e que volvín de Pilos...Eu quedareime aquí, matinando como rematar cos pretendentes da miña nai que están levando á ruína a nosa facenda.

Eumeo marcha, Atena se lle aparece a Ulises

Atena.- Ulises, agora fala xa ó teu fillo, e nada lle escondas, para que entre os dous combinéde-la morte dos pretendentes.

Atena trócalle a capa vella por outra nova, e desaparece. Ó velo agora, o seu fillo queda estupefacto, e, todo espantado por se é un deus.

Telémaco.- Hóspede meu, móstraste agora outro distinto, comparado co de antes. ¿Es ti un dos deuses que son donos do vasto ceo?

Ulises.- Non, eu non son ningún deus....Eu son o teu pai, Ulises

Telémaco.- Non, ti non es Ulises, o meu pai, senón un deus que me engana...Hai pouco ti eras un vello e vestías unhas roupas indecorosas; e agora paréceste ós deuses...

Ulises.- Telémaco, non te quedas tan abraiado, por veres aquí ó teu pai. Eu son Ulises , que, despois de sufrir mil desgracias e andar tantas veces errante regresei por fin á miña terra. Todo o que aquí pasou foi obra de Atena, a deusa de ollos brillantes, que me transformou tal como ela quixo.

Danse un aperta

Telémaco.- Mais entón, meu pai querido, ¿en que nave aquí te trouxeron?

Ulises.- Trouxéronme os feacios...Vin ata aquí para que, os dous xuntos preparémo-la morte dos nosos inimigos; mais ti agora vaite á casa e mestúrate con eses pretendentes arrogantes, eu irei máis tarde .

Vanse os dous cada un por un lado.

Aparecen os pretendentes Antinoo e Eurímaco

- Eurímaco.-** É unha grande proeza, a que acaba de realizar Telémaco con esta viaxe a Esparta, ¡mira para o chavaliño!
¡E nós dicíamos que nunca tal cousa faría!
- Antinoo.-** Mentres el este preto de Penélope, ela non ha de casar con ningún de nos.
- Eurímaco.-** Ó primeiro foi o tear que non o remataba, e agora calquera cousa lle serve de desculpa...Despois de tantos anos aínda lle garda ausencias a Ulises.
- Antinoo.-** Todo o mundo sabe que el está morto, e si non é así, por que tarda tanto en regresar a súa morada...
- Eurímaco.-** Pese a todo o problema non é a pantasma de Ulises, senón Telémaco...fai e desfai ó seu antollo.
- Antinoo.-** Mais nós, aquí e agora mesmo, pensemos na maneira de darlle a Telémaco unha triste morte.
- Eurímaco.-** E morto, Telémaco, ó fin o reino de Ítaca será noso con tódalas súas riquezas e farturas...
- Antinoo.-** Quen case con Penélope para min é o mesmo, os nosos reinos e posesións serán máis grandes se sempre permanecemos unidos...Ítaca é necesaria para espallar os

nosos reinos, Eurímaco...Xa é momento de dar morte a Telémaco...

Eurímaco.- ¡Cala, Antinoo! Por aí ven Penélope

Entra Penélope

Penélope.- ¡Escoitádeme, orgullosos pretendentes! Vos tomastes posesión desta casa, para nela comer e beber constantemente...Non puidestes encontrar outra escusa para os vosos actos que non sexa o afán de casar comigo...¡Veña, pois, pretendentes!, chegou o momento: vouvos propor unha proba. Aquí está o gran arco do Ulises...Casarei con aquel que máis facilmente o manexe e consiga facer pasar unha frecha polos ollos de tódolos doce machados...

Intentan montar o arco pero non son capaces.

Aparece Ulises

Ulises.- Escoitádeme, Eurímaco, e a Antinoo pretendentes da moi ilustre raíña...Teño unha súplica que vos vou facer ...deixádeme a min este arco ben puído, pois eu tamén quero probar convosco os meus brazos e a miña forza...

Antinoo.- ¿Que máis queres, miserable pordioseiro? Ti non tes nin a máis pequena chisca de xuízo? ¿acaso cres que ti podes casar cunha raíña?

Penélope.- Antínoo, non é bonito nin xusto que os hóspedes de Telémaco sexan tratados afrontosamente, sexa quen sexa

aquel a quen nesta casa o meu fillo reciba. ¿Ou é que pensas que o hóspede queira facer de min a súa muller?

Eurímaco.- Penélope, non pensamos que este home te leve; mais dannos vergoña as murmuracións dos que poidan dicir por aí que : Pretenden á esposa de Ulise, uns homes moi inferiores a el, pois uns nin sequera son capaces de arma-lo seu arco; mentres que outro é un mendigo, que á Ítaca chegou errante...

Penélope.- Eurímaco, ¿como queres que teñan boa fama entre o pobo os que non respectan a casa dun heroe sobranceiro e devoran os seus bens? ¿Por que tanto, te preocupas agora pensando na afronta? Amais diso, este hóspede é moi alto e está ben constituído. ¿veña, pois!, dádelle entón o arco e vexámo-lo que fa

Ulises é capaz de montar o arco e dispara a seta que pasa polo orificio de tódolos machados. (En sombras)

A pantalla tinguese de encarnado.

Ó tempo escoitase a voz de Penélope e xunto a dela outras voces

Penélope.- ¡É Ulises que regresou por fin a Ítaca!

Voz.- ¡É Ulises de Ítaca!
¡É Ulises de Ítaca!
¡É Ulises!.....

FIN